



CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BAIONA PARA A CARACTERIZACIÓN DOS XACEMENTOS CASTREXOS INCLUÍDOS NO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DE BAIONA (PEPCHAB): CASTRO DE SANTA MARTA, MONTE DA PENISA, OU CASTRO DA CARABELA, E CASTRO DE MORADE. ACTUACIÓNS DE PROSPECCIÓN XEOFÍSICA E SONDAXES VALORATIVAS (BAIONA, PONTEVEDRA)

MEMORIA TRANSPARENCIA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou co Concello de Baiona o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Baiona para a realización dunha actuación arqueolóxica de escavación e consolidación no Castro de Santa Marta, Monte da Penisa, ou Castro da Carabela e Castro de Morade (Baiona, Pontevedra), co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial se fundamenta no seguinte:

O castro de Santa Marta (GA36003002) ocupa unha pequena península ao sueste da vila de Baiona, na actualidade está moi deteriorado pola existencia de casas, estradas e ata un pequeno peirao. A zona presenta aterrazamentos, que ocultan e enmascaran os posibles restos arqueolóxicos, pola evidente modificación na morfoloxía do terreo que ocasionaron.

O Castro de Carabela ou do Monte da Penisa (GA36003003) é unha gran masa batolítica que ocupa a cima dun monte que domina toda a baía e polo tanto a





vila de Baiona. Toda a zona esta moi cuberta de vexetación que impide observar a súa morfoloxía, ademais existen indicios de antigas canteiras que explotaron o lugar e alteraron a súa superficie. Intúense dúas posibles murallas, que protexerían unha terraza en altura polos seu flancos leste norte e sur. En superficie localizáronse restos cerámicos moi rodados polo que resulta difícil facer unha adscrición cultural fiable.

Algo moi diferente sucede no castro de Morade (GA36003004), neste caso o xacemento é claramente un castro en altura que ocupa a totalidade dun cumio, presentando un esquema clásico de parapeto, foxo e muralla como sistema defensivo. Na muralla aprécianse restos de pedra e no foxo, pese a estar moi colmado, conservase unha profundidade de 1 metro.

Tendo a categoría de protección que posúen estes xacementos de Castro de Santa Marta, o Monte da Penisa, ou Castro da Carabela, e Castro Morade, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o Concello de Baiona consideran necesario realizar neste ano 2026 novos traballos arqueolóxicos de caracterización e delimitación para afondar no coñecemento destes sitios arqueolóxicos e así avanzar na súa investigación e coñecemento.

Os traballos de campo serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na realización das diferentes accións de difusión se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

